Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Asunto: *MC 26.2026 (Transferencia de crédito entre aplicacións de diferente área de gasto)*
Expediente: *2026/T002/000026*

INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

No cumprimento da Providencia da Alcaldía, na que se incoa expediente de transferencia de crédito para o financiamento dunha serie de gastos, emítese o presente en base aos seguintes

Antecedentes Administrativos:

Primeiro: Providencia da Alcaldía solicitando informe a esta funcionaria; así como Memoria da Alcaldía da mesma data explicando a modificación orzamentaria que se pretende acometer.

Corresponde á Interventora informar, expoñendo os antecedentes e disposicións legais ou regulamentarias aplicables, nas que funde o seu criterio. Cumprimentando este deber, emítese o seguinte:

I N F O R M E

PRIMEIRO.- Lexislación Aplicable

… que xustifica a emisión deste Informe:

- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

… aplicable ao expediente administrativo:

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o regulamento orzamentario (RO)
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sostenibilidade Financeira (LOEPSF)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de novembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se Aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais
- Orden HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución de Contabilidade Local, modelo normal.
- Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro.

CVD: fteG2t3bK/TXcLCOPUmG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

SEGUNDO.- Órgano competente e Procedencia da modificación orzamentaria por transferencia de créditos entre diferente Área de Gasto

As Entidades Locais regularán nas bases de execución do Orzamento o réxime de transferencias establecendo, en cada caso, o órgano competente para autorizalas.

O órgano competente para a súa aprobación é O Pleno Corporativo en virtude do establecido no artigo 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VI, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, que establecen que a **aprobación das transferencias de crédito entre distintas áreas de gasto** será competencia do **Pleno da Corporación**, excepto que afecten a créditos de persoal.

Polo tanto *a sensu contrario*, cando as transferencias de crédito sexan entre a mesma área de gasto ou diferente, pero afecten a créditos de persoal, a competencia é o alcalde. Así tamén o establecen as Bases de Execución do Orzamento.

Segundo o establecido no artigo 40.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a transferencia de créditos é aquela modificación do Orzamento de gastos mediante a que, sen alterar a contía total do mesmo, impútase o importe total ou parcial dun crédito a outras aplicacións orzamentarias con diferente vinculación xurídica.

Os gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, segundo consta na Memoria subscrita pola Alcaldía, e para os que o crédito existente é insuficiente e non ampliable no Orzamento vixente, son recollidos na dita Memoria, relativos a:

Aprobación de facturas xa vindicadas, capítulo 2, por importe de 28.824,12 €.

Altas en aplicacións de Gastos:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CRÉDITO XERADO/ €	TOTAL DISPONIBLE/€
150.22706	15.936,04	15.936,04
150.22111	1.032,19	1.032,19
150.22104	1.368,73	1.368,73
150.20300	1203,78	1203,78
150.22699	508,20	508,20
150.21400	349,33	349,33
160.22199	1684,08	1684,08
160.20300	214,50	214,50
161.22799	1228,49	1228,49
323.21200	381,15	381,15
330.21200	302,50	302,50
334.22602	326,70	326,70

CVD: fteG2t3bK/TXcLCOPUmG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

337.22100		
338.20300	496,10	496,10
342.22799	928,60	928,60
342.21200	689,98	689,98
342.22199	795,21	795,21
3321.22001	846,14	846,14
TOTAL	**28.824,12**	**28.824,12**

Baixas en aplicacións de Gastos:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	EUROS
231.48000	6.000
450.13000	7.824,12
450.13002	10.000
450.16000	5.000
TOTAL	**28.824,12**

As transferencias de créditos de calquera clase, en virtude do establecido no artigo 180 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e no artigo 41 do Real Decreto 500/1990, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VI, da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

—Non afectarán aos créditos ampliables nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio.

—Non poderán minorarse os créditos que fosen incrementados con suplementos ou transferencias, salvo canto afecten a créditos de persoal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de Orzamentos pechados.

—Non incrementarán créditos que como consecuencia doutras transferencias fosen obxecto de minoración, salvo cando afecten a créditos de persoal.

As anteriores limitacións non afectarán as transferencias de crédito a que se refiren os programas de imprevistos e funcións non clasificadas nin serán de aplicación cando se trate de créditos modificados como consecuencia de reorganizacións administrativas aprobadas polo Pleno.

No expediente examinado, verifícase o cumprimento destes requisitos.

Incorpórase ao mesmo certificado de existencia de crédito nas aplicacións orzamentarias a minorar.

TERCEIRO. O procedemento a seguir é o seguinte:

CVD: fteG2t3bK/TXcLCOPUmG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A. Ao expediente deberá incorporarse Memoria da Alcaldía, na que se xustifique a existencia de gastos que non poden demorarse e a existencia de crédito dispoñible noutras aplicacións do Orzamento de gastos pertencentes á diferente área de gasto

Consta neste expediente

B. De conformidade co disposto no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, a Intervención local elaborará un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria que se emitirá con carácter independente e incorporarase aos documentos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, referidos, respectivamente , á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

Do devandito precepto dedúcese que as modificacións orzamentarias para as que debería realizarse o informe de estabilidade orzamentaria son os créditos extraordinarios e suplementos de crédito, no entanto, será preciso en calquera outra modificación orzamentaria se afecta á situación de equilibrio orzamentario. Todo iso en virtude dos artigos 4.1, 15.1 e 21.1 do Real Decreto 1463/2007.

Será emitido un informe independente.

C. Así mesmo, o expediente deberá ser previamente informado pola Intervención.

Cumpriméntase co presente.

D. Posteriormente, a proposta deberá elevarse ao Pleno para a súa aprobación e seguir os mesmos trámites que os Orzamentos municipais:

a) Aprobación inicial polo Pleno, por maioría simple (47.1 da LBRL)
b) Anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia e exposición pública por prazo de 15 días hábiles (art. 169 TRLRFL)
c) Aprobación definitiva, previa resolución polo Pleno no caso de presentarse reclamacións (art. 170 TRLRFL) ou implícita no caso de non presentarse reclamacións.
c) Publicación no BOP, unha vez aprobada definitivamente a transferencia de crédito entre diferentes áreas de gasto, do resumo do orzamento coas modificacións aprobadas.
e) Entrada en vigor unha vez publicada no BOP, da modificación de crédito.

E. Segundo o establecido no artigo 169.7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberá encontrarse a disposición do público, a efectos informativos, copia de cada unha das modificacións desde a súa aprobación definitiva até a finalización do exercicio.

F. O artigo 169.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por remisión do artigo 177.2 da mesma Lei, esixe que do expediente de modificación de créditos nas súas modalidades de suplemento de créditos e de crédito extraordinario, unha vez definitivamente aprobado, remítase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Non é preciso no expediente examinado.

G. Contra a súa aprobación, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os interesados poderán interpor directamente recurso

CVD: fteG2t3bK/TXcLCOPUmG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no punto terceiro do citado artigo 113 da Lei 7/1985, a interposición do recurso non suspenderá por si só a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

CUARTO.- Conclusión

Esta secretaría-intervención informa favorablemente o expediente.

Este é o meu informe, que emito sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito; de tódolos xeitos o órgano competente para resolver no seu máis alto criterio adoptará a decisión que estime máis conveniente.

Documento asinado dixitalmente

A Secretaria-Interventora

Paula Ares Otero

Visto. Achéguese ao expediente
A Alcaldía

Esteban Ares García

CVD: fteG2t3bK/TXcLCOPUmG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/